



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

ACORDO do 3 de xullo do 2026 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Vilalba. Expediente IN407A 2024/210-ATE

Con data 5 de novembro do 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa Barras Eléctricas Galaico-Asturianas SA., as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada "Nova OCR Intemperie Muras I. Despois de CD 2626 Fontepisón", no concello de Vilalba.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Vilalba deducida da que se someteu a información pública no diario EL Progreso do 2 de setembro de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 9 de setembro de 2025, para que comparezan o día **19 de outubro do 2026 no concello de Vilalba** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Vilalba estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 3 de xullo de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº Predio	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
1	13	1461	Conzados	Monte Baixo	Descoñecido	19/10/26	10:30

R. 1871

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO***Anuncio*

Resolucións da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de datas 12 e 15 de xuño de 2026, sobre cese e nomeamento de persoal eventual que textualmente din o seguinte:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que por Resolución da Presidencia de data 15 de xaneiro de 2026, nomeouse a D.^a Silvia Rodríguez Díaz, Asesora Nivel IV do Cadro de Persoal Eventual, con efectividade do día 15 de xaneiro de 2026, adscrita á Presidencia.

Vista a solicitude da Presidencia, de cese na prestación de servizos como Asesora Nivel IV do Cadro de Persoal Eventual con efectividade do día 14 de xuño de 2026 e o seu posterior nomeamento como Asesora Nivel III do Cadro de Persoal Eventual.

Considerando que a regulación dos ceses do persoal Eventual establécese de conformidade co sinalado no artigo 12.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que di:

“O nomeamento e cese serán libres. O cese terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade ó que preste a función de confianza e asesoramento”.

Igualmente o artigo 104.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sinala, en relación ao persoal eventual:

“O nomeamento e cese destes funcionarios é libre e corresponde ao Alcalde ou ao Presidente da Entidade Local correspondente. Cesan automaticamente, en todo caso, cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que prestan a súa función de confianza ou asesoramento”.

Á vista do sinalado, de conformidade co sinalado nos artigos 12.3 do EBEP e do 104.2 da LRBRL, propono que pola Presidencia da Deputación, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVA:

Cesar a D.^a Silvia Rodríguez Díaz no desempeño das súas funcións como Asesora Nivel IV do Cadro de Persoal Eventual, deixando de prestar servizos a esta Deputación Provincial, con efectividade do día 14 de xuño de 2026, derradeiro día no que presta servizos efectivos con base no nomeamento sinalado, para un posterior nomeamento como Asesora Nivel III do Cadro Persoal Eventual, con efectividade do día 15 de xuño de 2026”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que no Pleno desta Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 12 de xullo de 2023, aprobouse o Cadro de Persoal Eventual da Entidade, modificándose, posteriormente no Pleno desta Deputación, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2024; sendo a última aprobación definitiva do mesmo no Pleno do 30 de decembro de 2025, conforme ao disposto polos artigos 104 da lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 30 da Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como polo art. 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Considerando a proposta da Presidenta desta Deputación Provincial de Lugo, que tivo entrada nesta Entidade o día 11 de xuño de 2026, na que se propón o nomeamento, con efectividade do día 15 de xuño de 2026 do persoal eventual, que a continuación se relaciona para o posto, que así mesmo, se sinala:

- Adscrito á Presidencia

Apelidos e Nome	Posto de Traballo
Rodríguez Díaz, Silvia	Asesor/a Nivel III

Tendo en conta a normativa de aplicación:

O nomeamento e cesamento do persoal eventual, efectuarase, de conformidade co establecido no artigo 30 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, que sinala:

“1.- O nomeamento do persoal eventual é libre

2.- O cesamento do persoal eventual corresponde aos mesmos órganos competentes para o seu nomeamento e prodúcese pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

a) Libre decisión da autoridade que efectuou o nomeamento.

b) Cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento. Neste caso, o cesamento do persoal eventual prodúcese de forma automática co cesamento da devandita autoridade.

c) (...)

5.- Publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, ao abeiro do estipulado no artigo 104.3 da LRBRL, o presente nomeamento e cambios de adscrición”.

Así mesmo o artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que di:

“O nomeamento e cese serán libres. O cese terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade ó que preste a función de confianza e asesoramento”.

Igualmente o artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sinala, en relación ao persoal eventual:

“2. O nomeamento e cese destes funcionarios é libre e corresponde ao Alcalde ou ao Presidente da Entidade Local correspondente. Cesan automaticamente, en todo caso, cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que prestan a súa función de confianza ou asesoramento.

3.- Os nomeamentos dos funcionarios de emprego, o réxime das súas retribucións e a súa dedicación publicaranse no “Boletín Oficial” da Provincia e, no seu caso, no propio da Corporación”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, propoño que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases de Réxime Local, RESOLVA:

Nomear, con carácter de persoal eventual, con efectividade do día 15 de xuño de 2026 ao persoal que a continuación se relaciona para o posto que así mesmo, se sinala:

- Adscrito á Presidencia

Apelidos e Nome	Posto de Traballo
Rodríguez Díaz, Silvia	Asesor/a Nivel III

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, 9 de xullo de 2026.- A presidenta, María del Carmen López Moreno. O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 1 de xullo de 2026, sobre nomeamento de persoal eventual que textualmente di o seguinte:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que no Pleno desta Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 12 de xullo de 2023, aprobouse o Cadro de Persoal Eventual da Entidade, modificándose, posteriormente no Pleno desta Deputación, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2024; sendo a última aprobación definitiva do mesmo no Pleno do 30 de decembro de 2025, conforme ao disposto polos artigos 104 da lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 30 da Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como polo art. 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Á vista da proposta da Presidenta desta Deputación Provincial, que consta no expediente, propoño que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases de Réxime Local, Resolva:

Nomear, con carácter de persoal eventual, con efectividade do día 1 de xullo de 2026 ao persoal que a continuación se relaciona para o posto que así mesmo, se sinala:

- Adscrito á Presidencia:

Apelidos e Nome	Posto de Traballo
Fernández Gómez, Darya	Asesor/a Nivel IV

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, 9 de xullo de 2026.- A presidenta, María del Carmen López Moreno. O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1872

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

DECRETO DA ALCALDÍA

NÚM. EXP: 487/2026

Delegación de atribucións da Alcaldía por vacacións.

Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións,

Visto que está previsto ausentarme do termo municipal durante o período comprendido entre os días 16 de xullo e 26 de xullo deste ano, ambos inclusive, por razóns de disfrute do período vacacional

Por todo elo, e de conformidade co previsto no art. 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e os arts. 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Pola presente, veño en Resolver:

1º.- Que durante a miña ausencia me substitúa por delegación na totalidade das miñas funcións a 2ª Tenente de Alcalde, Dña. Sonia Varela García.

2º.- A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

3º.-Notificar este acordo á interesada, dése conta ao Pleno da Corporación e publíquese no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia.

Mándao e asínao, o sr. Alcalde-Presidente en Begonte na data de sinatura electrónica, do que eu Secretario dou fe.

Begonte, 6 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, José Ulla Rocha. O secretario, Antonio Lorenzo Morandeira.

R. 1849

A FONSAGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE APERTURA DUN NOVO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A AMPLIACIÓN DA BOLSA PARA A CONTRATACIÓN DE PEÓNS E PEÓNS CONDUTORES DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

Visto o Decreto de Alcaldía Núm 2026-0391 de data 09 de xullo de 2026 polo que se resolve o procedemento de selección para a creación dunha bolsa para a contratación de peóns e peóns condutores para as brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, procédese á apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes.

Postos ofertados: Peóns /Peón condutor

Tipo de contrato: Contrato laboral temporal

Duración: 3 meses

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

A Fonsagrada, 9 de xullo de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1873

FRIOL

Anuncio

Convocatoria para a provisión de seis (6) prazas de peón forestal como persoal laboral temporal.

Na sede electrónica do Concello de Friol publícanse integramente as bases que rexerán a convocatoria para a provisión de seis prazas de peón forestal, a cubrir polo sistema de concurso-oposición, como persoal laboral temporal.

O prazo de presentación de solicitudes será de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Os sucesivos anuncios referentes á convocatoria, cando proceda, faranse públicos na sede electrónica do Concello de Friol, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria.

Friol, 9 de xullo de 2026.- O alcalde, don José Ángel Santos Sánchez.

R. 1874

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 333/2026, de data 3 de xullo de 2026, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xuño de 2026, na modalidade de SAF dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 3 de xullo de 2026 ao 2 de setembro de 2026.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 3 de xullo de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1850

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Por resolución de Alcaldía de data 7 de xullo de 2026, dispúxose a delegación de funcións por vacacións do Sr Alcalde, na primeira Tenente de Alcalde, Dona Marián Martínez Martínez, durante o período do 13 ao 19 de xullo de 2026.

O que se fai público, de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A Pobra do Brollón, 7 de xullo de 2026.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1851

POL

Anuncio

O Pleno, en sesión do 8 de xullo de 2026, aprobou o establecemento do prezo público polo servizo de campamento de verán «Días sen cole» 2026, coas seguintes tarifas: cota semanal: 50,00 €; campamento completo (5 semanas): 150,00 €.

O acordo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP.

Pol, 9 de xullo de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1875

PORTOMARÍN

Anuncio

Aprobada inicialmente por o Pleno da Corporación en data 25 de xuño de 2026 a seguinte ordenanza:

ORDENANZA XERAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PORTOMARÍN

Sometese a información pública e audiencia dos interesados por prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente no BOP.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcurrido o prazo de trinta días hábiles de información pública sin que exista reclamación algunha, quedará automaticamente elevado a definitivo o citado acordo.

Portomarín, 4 de xullo de 2026.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira

R. 1828

QUIROGA

Anuncio

Aprobación Inicial Orzamento Xeral 2026

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación de data 9 de xullo de 2026, o Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2026, bases de execución e anexos de persoal, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, pola que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ao público na secretaría deste concello, polo prazo de quince días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes. De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Quiroga, 9 de xullo de 2026.- O alcalde, José Luis Rivera Castro.

R. 1876

RIBADEO

Anuncio

En data 06-07-2026 publicáronse na Sede Electrónica do Concello de Ribadeo as bases específicas reguladoras do proceso selectivo para levar a cabo a contratación de unha persoa Técnica de Dinamización Socioeconómica (Subgrupo A2) financiada polo Programa de Reforzo do Emprego 2026 da Deputación de Lugo. O prazo para presentar instancias é de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Ribadeo, 7 de xullo de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1852

RIBAS DE SIL

Anuncio

APROBACION PROXECTO E EXPROPIACIÓN

Acordo do Pleno de data 29/04/2026 do Concello de RIBAS DE SIL polo que se aproba inicialmente o PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA DEPURADORA DE AGUAS RESIDUALES NO NÚCLEO DE SAN PEDRO. T.M. DE RIBAS DE SIL (LUGO). PDM MIÑO-SIL ES010_3_ALCH0SCET29SP2536 para o que resulta necesaria expropiación dos seguintes BENS

Nº ORDEN	REF. CATASTRAL	Titular (DNI o nome e apellidos)	EXPROP. PLENO DOMINIO (m ²)	OCUP. TEMPORAL (m ²)	SUPERF. TOTAL AFECTADA (m ²)
1	27052A006001230000BJ	Carmen Torres Rodríguez	83,05	55.29	368
2	27052A006001240000BE	34249482K 34252119J	46,41	30.95	450
3	27052A006001250000BS	Balbina López Enríquez (Herederos de)	660,72	114.81	2152
4	27052A006061170000BB	A48010615	4,8	3.20	36068

Aprobado inicialmente o PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DE UNA DEPURADORA DE AGUAS RESIDUALES EN EL NÚCLEO DE SAN PEDRO. T.M. DE RIBAS DE SIL (LUGO). PDM MIÑO-SIL ES010_3_ALCH0SCET29SP2536 convócase, conforme ao previsto no artigo 18.1 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, por prazo de quince días, trámite de audiencia e de información pública, a fin de que quen puidesen terse por interesados no devandito expediente, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente. Non obstante o anterior, téñase en conta que, segundo o establecido no artigo 19.2 da mesma norma, no relativo á expropiación necesaria para a realización das obras, unicamente admitiranse aquelas alegacións que se formulan a efectos de emendar posibles erros na relación dos bens ou dereitos a expropiar.

Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

Ribas de Sil, 9 de xullo de 2026.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 1877

TABOADA*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL**

O Pleno do Concello de Taboada, en sesión extraordinaria celebrada o día 6 de xullo de 2026 acordou a aprobación inicial da Regulamento de honras e distincións do Excelentísimo Concello de Taboada (**expte. G 481/2026**), e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que poida ser examinado e sexan presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerárase aprobado definitivamente o Acordo.

Taboada, 7 de xullo de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1853

*Anuncio***CORRECCIÓN DE ERROS EN ANUNCIO DE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS TRABALLADOR/A SOCIAL.**

No Boletín Oficial da Provincia nº 155, do 9 DE XULLO DE 2026, publicouse o anuncio. Advertidos erro material, procédese a súa corrección, de xeito que

Onde di:

<<Conforme as BASES E CONVOCATORIA PARA PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA TRABALLADOR/A SOCIAL FUNCIONARIO INTERINO POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN.>>

Debe dicir:

<<Conforme as BASES E PARA A SELECCIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMAS, TRABALLADOR/A SOCIAL.>>

Taboada, 9 de xullo de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1878

VIVEIRO*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 08 de xullo de 2026, o expediente de modificación do orzamento 2026 relativo ao anexo de subvención nominativas, de maneira que á cantidade destinada en concepto de subvención nominativa á “Asociación banda de música O Landro de Viveiro” sexa por importe de 27.750€, en cumprimento do disposto no artigo 38 do RD 500/1990 e por remisión o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.

Viveiro, 9 de xullo de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1879

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 08 de xullo de 2026, o expediente de modificación do orzamento 2026 relativo ao anexo de subvención nominativas, de maneira que a subvención nominativa á “ASOCIACIÓN CULTURAL PROA” sexa en especie e a cantidade destinada sexa por importe de 10.000€, en cumprimento do disposto no artigo 38 do RD 500/1990 e por remisión o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.

Viveiro, 9 de xullo de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1880
